

NOTA DE PRENSA

ACUMÚLANSE AS RECLAMACIÓNS NO CENTRO DE SAÚDE DE CARBALLO POR NON SER INFORMADAS AS RADIOGRAFÍAS QUE SE FAN NO TURNO DE TARDE

Desde CIG-Saúde levamos denunciando esta situación desde que o servizo de RX comezou a funcionar polas tardes este verán. E continúa o mesmo problema, seguensen ser informadas polos especialistas correspondentes as radiografías que se fan polas tardes, e seguen acumulándose as reclamacións de pacientes que teñen que vir dúas, tres, catro veces ao médico e pasan ata dous meses sen que as súas radiografías estén informadas. Isto non é de recibo, non se pode admitir esta situación que está a provocar tantas molestias aos pacientes. Para iso case mellor que non puxesen a funcionar o servizo de RX polas tardes, xa que semella que está a ser máis un problema ca unha solución.

Desde CIG-Saúde insistimos en demandar da Xerencia da Área de Xestión Integrada unha solución a esta cuestión. Cal é o problema? Non hai radiólogos suficientes? Ten pensado a Xerencia poñer unha solución a este problema?.

Carballo, 14 de novembro de 2013

Xoán M. Sande Muñiz,

Delegado Sección Sindical de CIG-Saúde